

1. O colexio Compañía de María de Santiago de Compostela e a Asociación de Nais e Pais de Alumnos convocan o **XLII Certame Artístico Literario** con motivo do Día das Letras Galegas.
2. Establécense catro modalidades de participación: narrativa, lírica, expresión artística e fotografía. Así mesmo, fíxanse os seguintes niveis para cada unha delas (agás na modalidade de fotografía na que haberá un único nivel):
 - √Nivel "A" – Alumnado de 1º e 2º de primaria
 - √Nivel "B" – Alumnado de 3º e 4º de primaria
 - √Nivel "C" – Alumnado de 5º e 6º de primaria
 - √Nivel "D" – Alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO
 - √Nivel "E" – Alumnado de 4º da ESO e Bacharelato
 - √Nivel "F" – Comunidade educativa: pais, nais, PAS e profesorado.
3. O alumnado que desexe participar deberá presentar un só traballo en cada unha das modalidades que escolla, excepto en fotografía, na que poderá presentar ata dúas. En calquera caso optárase a un único premio en cada modalidade. Só se poderán presentar traballos a unha modalidade literaria e a outra artística e a fotografía.
4. Na **modalidade de Fotografía** só poderá participar os niveis D,E e F, sendo posible presentar un máximo de dúas fotografías (en cor ou en branco e negro) que poderán considerarse como fotos individuais ou como unha serie. O alumnado deberá **enviar as fotografías ao correo electrónico** do certame (certameliterario@ciamariasantiago.org) e presentalas tamén impresas. As fotografías deberán ser orixinais e estar realizadas polo participante. Poderán facerse mediante toma directa (con cámara ou smartphone) ou ben tratadas e trucadas. Nesta modalidade unificaranse os niveis D e E.
5. Na **modalidade de Expresión Artística** poderá participar o alumnado de todos os niveis. O traballo será individual. A folia será tamaño A3 (420x297 mm), agás para 1º e 2º de E.P. que será A4. A técnica que se utilizará será de libre elección. A organización subministrará as follas de papel.
6. Na **modalidade de Narrativa** poderá participar o alumnado dos niveis "B", "C", "D", "E" e "F"; mentres que na de **Lírica** só poderán participar os niveis "C", "D", "E" e "F". Os traballos deberán estar **escritos en galego e serán presentados mecanografiados, en follas tamaño A4 (210x297 mm), escritos por unha soa cara, tipo de letra Arial 12, a dobre espazo e grampados, debendo entregar o orixinal e unha copia ou fotocopia**. Como máximo, cada traballo poderá ocupar tres páxinas.

7. Os traballos de **narrativa, lírica e fotografía** presentaranse nun sobre grande **sen pechar**. Tanto neste sobre como nos propios traballos figurarán soamente o título, o nivel e a modalidade. Dentro deste sobre incluírase un sobre pequeno pechado que levará por fóra o título, o nivel e a modalidade; e no interior unha tarxeta na que constará:
 - √Nome completo do autor/-a
 - √Curso e idade
 - √Título do traballo
 - √Nivel no que está incluído (A, B, C, D, E, F ou G)
 - √Modalidade (narrativa, lírica ou fotografía)

No caso de **Expresión Artística**, no reverso do debuxo constarán os mesmos datos solicitados anteriormente (nome completo, curso e idade, título e nivel) e na parte dianteira tamén aparecerá o título do traballo na esquina inferior dereita. Os títulos dos traballos teñen que ser orixinais e referentes ao lema do Certame.

8. Para todos os niveis, nas distintas modalidades, haberá tres galardoados. O xurado reservarase o dereito de outorgar un máximo de 2 accésits por categoría se o considera oportuno. Os accésits recibirán un obsequio e un diploma. Os tres gañadores por modalidade e nivel recibirán:
 - √1º Premio: agasallo, cheque e diploma
 - √2º Premio: agasallo, cheque e diploma
 - √3º Premio: agasallo, cheque e diploma

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado.

9. O prazo de entrega dos traballos rematará o **xoves 2 de abril de 2020**.
10. O ditame do xurado darase a coñecer o **19 de maio de 2020 ás 18.00 h** no Salón de Actos do colexio.
11. Todos os traballos premiados serán publicados na web do colexio. Os traballos de pintura e fotografía serán exposto no centro.
12. Os traballos premiados deberán enviarse en soporte dixital ao seguinte enderezo: certameliterario@ciamariasantiago.org. No asunto do correo deberá indicarse "Certame literario", e no corpo do correo constarán os mesmos datos que figuran no sobre pequeno :nome completo do autor, curso e idade, título do traballo, nivel no que está incluído (A, B, C, D, E, ou F) e modalidade á que se presenta: narrativa, lírica ou fotografía.